



Pasos a seguir para o uso dos novos RSS coa predición de concellos

Introdución

O documento inclúe unhas recomendacións para todos aqueles usuarios que fan uso dos RSS coa predición xeral e a predición por localidades ante a próxima publicación da predición por concellos no mes de xaneiro de 2013.

Recomendacións

Como anunciabamos hai un tempo, imos levar a cabo cambios importantes na nosa predición a curto prazo e, sobre todo, na nosa predición por localidades, que incluírá a predición para todos os concellos de Galicia. Estes cambios están xa listos e estamos á espera de que a Consellería fixe un día concreto. Polo de agora, só podemos adiantar que será entre o 15 e o 31 deste mes de xaneiro.

- No que aos RSS se refire, desde 2 ou 3 días antes do día de publicación, as URL que ata o de agora usáronse para probas, conterán información real e actualizada polo noso departamento de Predición Operativa. Este servizo se manterase uns días despois da publicación. Son as URLs que enviáramos en correos anteriores:

A predición xeral para Galicia:
http://sor.meteogalicia.es/webAlfa/RSS/rssCPrazo.action?dia=-1&request_locale=gl

A predición de corto prazo de concellos (o exemplo é para Santiago de Compostela):
http://sor.meteogalicia.es/webAlfa/RSS/rssLocalidades.action?idZona=15078&dia=-1&request_locale=gl

A predición de medio prazo de concellos (o exemplo é para Santiago de Compostela):
http://sor.meteogalicia.es/webAlfa/RSS/rssConcellosMPrazo.action?idZona=15078&dia=-1&request_locale=gl

A partir do día da publicación, para as URLs definitivas bastará substituír nas anteriores *sor* por *www* y *webAlfa* por *web*. *Por exemplo*, a URL definitiva da predición xeral quedaría:
http://www.meteogalicia.es/web/RSS/rssCPrazo.action?dia=-1&request_locale=gl

Para que o impacto sobre os seus servizos cos nosos RSS sexa o mínimo posible, recomendámoslle o seguinte:

- No momento no que reciba o noso aviso vía mail coa data definitiva e hora aproximada de publicación (2 ou 3 días antes), modifique xa os seus servizos para usar a información real publicada nas URL de probas.
- Unha vez que se produza a publicación definitiva, como o servizo en probas manterase paralelamente 2 ou 3 días, poderá facer o cambio ás URLs definitivas no momento que considere oportuno.

Para máis información consulte a nosa páxina de Servizos RSS, GeoRSS e Podcast (<http://www.meteogalicia.es/web/RSS/rssIndex.action>).

Para calquera dúbida pode escribirmos á dirección sistemas.informacion@meteogalicia.es ou ben pode chamar ao número 981 957 461.